



## INFORMACIÓN SOBRE A XORNADA DE VOTACIÓN DO 13 DE XUÑO

Lembramos que este luns 13 de xuño teremos a votación para a xornada continuada. De saír favorable poráise en marcha no vindeiro curso.

**Horario de votación:** A mesa de votación estará aberta dende as **08:45 ata as 21:00 horas**.

**Lugar: Aula 31** (situada no primeiro andar fronte ás escaleiras que levan a secretaría).

### Quen pode votar?

Pode votar **só un responsable** de cada unidade familiar (Nai/ pai/ titor ou titora legal)

**Será preciso identificarse para poder votar** (DNI, NIE, carnet de conducir, pasaporte etc...)

### Que votamos?

- O horario solicitado para E. Infantil e E. Primaria para todo o curso é:

Horario lectivo	9:30 a 14:30 (todos os días)
Comedor	14:30 a 15:30
Horario de transporte	9:30 (entrada) / 15:30 (saída)

- Haberá **unha soa quenda** de comedor para todo o alumnado.

**NOTA:** Lembrade que este dous últimos cursos académicos tivemos dúas quendas de comedor debido ao protocolo COVID. En condicións normais en calquera das dúas xornadas haberá unha única quenda de comedor.

- A partir das 15:30 ofertarase:
  - Plan Concilia (tardes divertidas).
  - Actividades extraescolares.
  - Biblioteca escolar de martes a venres de 15:30 a 17:30 atendida polo profesorado.
- Os luns de 15:30 a 17:30 estableceranse as reunións de profesorado e as titorías coas familias.

**Agardamos a vosa participación.**

A dirección